



## ROGO PARA MELLORAS DE ILUMINACIÓN E VIARIAS NA CONTORNA DO MULTIUSOS FONTES DO SAR

A concelleira que subscribe, pertencente ao Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A deficiente situación do itinerario que conecta o barrio das Fontiñas coa rúa de Sar, que serve de acceso ao Multiusos das Fontes do Sar, á Cidade da Cultura, á rúa do Viso e onde conflúen sendeiros naturais procedentes do Bosque de Galicia e das Brañas do Sar, presenta un estado de conservación moi deficiente, tal e como pode apreciarse nas imaxes que se acompañan.

As principais deficiencias teñen que ver cos problemas de iluminación na zona peonil que discorre entre a ponte baixo a SC-20 na rúa das Fontes do Sar ata o entronque coa rúa da Ponte do Sar. Nese traxecto de algo máis de un quilómetro, a maior parte das luminarias permanecen nos últimos tempos apagadas e todas elas se atopan nun pésimo estado de limpeza, reducindo a luminosidade. A maiores, algunhas luminarias foron retiradas e un bo número delas permanecen ocultas pola vexetación. Para remediar esta situación sería desexable contemplar a posibilidade de modificar o sistema de iluminación con novas luminarias leds, recolocándoas e orientándoas para que cumpran mellor o seu cometido.

Outras das actuacións a desenvolver sería a mellora das condicións do acceso rodado, especialmente no ámbito das rotondas e na parte frontal do Multiusos, lugares nos que a estreitez da plataforma motiva a invasión de turismos e autobuses, que deterioran o pavimento e as zonas verdes, chegando a provocar coas choivas grandes bolsas de auga que dificultan o tránsito de vehículos e peóns. Por outra parte, xusto diante do acceso principal ao Multiusos existe un taboleiro de anuncios do Concello nun estado lamentable, que require renovación ou retirada.

A mellora deste ámbito adquire unha importancia especial se temos en conta que, ademais da propia veciñanza da zona, son miles as persoas que ao longo do ano circulan por este acceso que serve de conexión a lugares de forte poder de atracción como o Multiusos Fontes do Sar, a Cidade da Cultura ou o Bosque de Galicia.

Tendo en conta o anterior, formúlase o seguinte rogo:

***Que o por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se adopten as medidas necesarias para afrontar, coa máxima urxencia posible, as actuacións de mellora de iluminación e viarias no traxecto que conecta os barrios das Fontiñas e de Sar, especialmente na contorna do Multiusos Fontes de Sar.***

Santiago de Compostela, a 31 de xaneiro de 2019

María José Castro Carballal

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela

## ANEXO FOTOGRÁFICO

